

## FICHA RESUME

PE 403A 2007/ 56-5

<b>Ano</b>	2008
<b>Entidade</b>	CONFRARIA DE MOAÑA E CÍES ARTESANAIS SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE EXPLOTACIÓN CONXUNTO DE NAVALLA
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	ZONA DE LIBRE MARISQUEO
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MERGULLO EN APNEA E SEMIAUTÓNOMO

<b>Especies</b>	Navalla ( <i>Ensis arcuatus</i> )
<b>Ambito do plan</b>	Costal Domaio, A Borna, Arroás, O Cocho, Tirán, e Rande (excluíndo a zona que vai desde Rande ata punta Aradorio).
<b>Subzonas de explotación</b>	

<b>Participantes no plan de explotación</b>		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	17	18 mergulladores
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Si</b> <b>Non</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

<b>Calendario de explotación</b>											
<b>Días máximos de extracción</b>	180										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b> : de xaneiro a decembro, cunha <b>veda de dos meses consecutivos entre febreiro e maio.</b>											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b> : mergullo en apnea e semiautónomo											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

### Topes de captura:

<b>Especies</b>	<b>Mergullador/habilitación</b>
Navalla	10 kg/mergullador/día, excepto nos meses de xullo, agosto e decembro que pode ser de 15 kg/mergullador/día

<b>Artes ou técnica de extracción</b>	Mergullo en apnea e semiautónomo
---------------------------------------	----------------------------------

<b>Puntos de control</b>	Zona de traballo
<b>Puntos de venda</b>	Lonxas de Meira e Vigo

<b>Accións a realizar<sup>(7)</sup></b>	<b>Épocas probables<sup>(8)</sup></b>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembr</b>												
Zonas:												

Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

#### Outras consideracións <sup>(9)</sup>

En relación coas **especies**, e de acordo co informe técnico, exclúese a explotación de longueirón e longueirón vello por non aparecen nas mostraxes, mentres non se comprobe a súa existencia nas zonas de explotación. O propio plan reflicte que a única especie traballada ata a actualidade foi a navalla.

Con respecto á **zona de traballo**, solicitan a ampliación da zona de traballo, pero no plan no presentan avaliación do recurso das novas zonas, polo que propónse que o ámbito do plan sexa o mesmo que o aprobado para o presente ano, quedando: Costal Domaio, A Borna, Arroás, O Cocho, Tirán, e Rande (excluíndo a zona que vai desde Rande ata punta Aradorio). A ampliación estaría condicionada á presentación dunha avaliación da biomasa explotable nas novas zonas e dun cartografiado dos bancos, excepto en Domaio, Xunqueira e Meira. Nestas zonas a explotación de navalla ten lugar con moi pouca profundidade polo que pode interferir coa zona de traballo das mariscadoras a pé que tamén extraen o mesmo recurso. A inclusión destes bancos estaría condicionado a un acordo de separación das zonas de a pé e a flote co colectivo de mariscadoras a pé que traballa na zona.

Con respecto aos **participantes**: a explotación de solénidos con técnicas de mergullo por parte da confraría de Moaña e Cies Artesanais, S.Coop. Galega se iniciou ao abeiro dun plan experimental, aprobado por resolución de 26.07.2006, con 15 embarcacións e o mesmo número de mergulladores, sen embargo só desenvolveron actividade extractiva 11 embarcacións ás que se outorgou a modalidade de navalla-longueirón no seu permiso de explotación.

O plan de explotación para o ano 2007 aprobouse con 17 embarcacións e 18 cupos, e desenvolveuse ao longo do ano participando só 14 embarcacións (inclusión nas aperturas mensuais). Polo tanto 3 das embarcacións incluídas no plan non levaron a cabo actividade de extracción e non presentaron a documentación necesaria para o outorgamento da modalidade de navalla e longueirón que lle foi requirida en data 20.02.2007 por esta delegación territorial. O resto das embarcacións teñen renovada a modalidade de navalla longueirón para o ano 2007.

O plan para o ano 2008 presenta 16 embarcacións, dúas delas xxxxxxxx con dos mergulladores, sen embargo só a embarcación xxxxxxxx ten praza para dous mergulladores, segundo o plan aprobado para o presente ano.

Á vista do exposto, as embarcacións xxxxxxxx que non participaron na explotación do recurso e non presentaron a documentación requirida para o outorgamento da modalidade, decaen do seu dereito a participar no plan co cal se crearían 3 vacantes que poderían ser cubertas segundo a resolución de 9 de outubro de 2007 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se modifica o baremo aplicable para o acceso á explotación dos recursos específicos. Por outra banda, a embarcación xxxxxxxx queda con un mergullador, dado a concesión de dous suporía a ampliación do número de tripulante con respecto ao aprobado para o ano 2007. Calquera incremento nas prazas debe ser valorado tecnicamente, e someterse á resolución de 9 de outubro de 2007 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se modifica o baremo aplicable para o acceso á explotación dos recursos específicos, non podendo asignarse directamente no plan novos tripulantes a embarcacións concretas.

O plan apróbase con 16 embarcación, cada unha con un mergullador excepto a embarcación xxxxxxxx, que pode incluír 2 mergulladores con dereito a cupo.

En relación co calendario, e de acordo co informe técnico a veda de dous meses consecutivos realizarase entre febreiro e maio, para asegurar unha posta con viabilidade. O número máximo de días autorizados redúcese a 180.

Os topes de captura redúcense a 10 kg/mergullador/día, excepto nos meses de xullo, agosto e decembro que pode incrementarse ata 15 kg/mergullador/día. De acordo co informe técnico, cumpre ter máis datos sobre o estado do recurso nos distintos bancos antes de incrementar o tope de captura de xeito xeralizado. Cumpre ter en conta que o plan iniciou a súa actividade a mediados do ano 2006 polo que é necesario coñecer a evolución da explotación no tempo ante de tomar medidas que podan dar lugar a situacións de sobrepesca.

A autorización para o uso das distintas técnicas de mergullo está supeditada a que os mergulladores estean en posesión dos certificados profesionais acorde coa técnica empregada, así como ao estrito cumprimento da normativa sobre mergullo e a execución do plan sexa aprobada a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente.

\*